



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ELABORACIÓN DUN MODELO DE PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS ÁREAS REXURBE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que este IGVS formalizou co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido cun prazo de execución que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS, o COAG e a USC para a elaboración do documento modelo de Plan de dinamización das áreas Rexurbe no que se desenvolvan e concreten os contidos mínimos esixidos para os mesmos no artigo 60 do Anteproxecto da Lei de rehabilitación de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Que dado que a maior carga de traballo no desenvolvemento do estudio recaerá sobre o COAG e a USC o IGVS fará unha achega aos mesmos en tres prazos en función dos traballos desenvolvidos por cada unha das partes en cada fase da forma establecida no convenio. O COAG e a USC deberán facer entrega dos traballos correspondentes a cada unha das fases, xustificándoos documentalmente cunha certificación expedida polo seu representante legal.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

I.- O Capítulo III do Título II do Anteproxecto de Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia configura as *Áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe)* coma aqueles ámbitos coa consideración de conxuntos históricos con declaración de ben de interese cultural (BIC), que se atopen nalgunha das situacións





previstas na Lei, nas que se desenvolverán as actuacións conxuntas propias destas intervencións.

II.- O desenvolvemento das Áreas Rexurbe implicará a aprobación dos *Plans de dinamización das áreas Rexurbe*, definidos no artigo 59 do Anteproxecto da Lei, como un instrumento de planificación que, no marco dunha área Rexurbe, formulará un programa plurianual referido á totalidade do ámbito ou a algunhas das súas áreas, integrando actuacións a nivel arquitectónico dirixidas a fomentar políticas de rehabilitación de edificios e vivendas e a mellora do espazo público, con outras a nivel económico e social, sendo o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) o organismo encargado da tramitación dos plans de dinamización.

III.- O IGVS considera necesario a sinatura dun convenio de colaboración co COAG e coa USC, co obxecto de regular a colaboración entre as tres entidades para a creación dun Grupo de traballo, coordinado polo IGVS, que elabore un documento modelo de Plan de dinamización das áreas Rexurbe no que se desenvolvan e concreten os contidos mínimos esixidos para os mesmos no artigo 60 do Anteproxecto da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria mediante sinatura electrónica.

